

IES DE ARZÚA

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

**IES DE ARZÚA – ARZÚA
A CORUÑA**

Aprobado polo Claustro e Consello Escolar o 29-06-2020




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



UNIÓN EUROPEA
"O FSE inviste
no teu futuro"



I.E.S. DE

Rúa do Castro s/n
Arzúa 15810 – A Coruña
Tel.: 881 866 047
Fax: 881 866 055
Correo electrónico: ies.arzua@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/iesarzua/>

ÍNDICE.

1. Introducción	5
2. Xustificación baseada no contexto	5
2.1 Marco legal	5
2.2 IES de Arzúa	6
2.3 Protocolos para a Atención Educativa	7
3. Identificación e valoración das necesidades	7
4. Necesidades específicas de apoio educativo no IES Arzúa	8
5. Obxectivos.....	9
6. Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade	10
6.1 Medidas ordinarias	10
6.1.1 Adecuación da estrutura organizativa do centro	10
6.1.2 Desdobramento de grupos.....	10
6.1.3 Aulas de atención educativa e convivencia.....	10
6.1.4 Reforzo educativo	10
6.1.5 Apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria	11
6.1.6 Programas de enriquecemento curricular (Altas capacidades)....	11
6.1.7 Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas	11
6.1.8 Exención da 2ª lingua estranxeira.....	11
6.1.9 Programas de seguimento de alumnado materias pendentes	12
6.1.10 Programa de recuperación das materias suspensas	12
6.1.11 Programas específicos personalizados (1º a 4º ESO)	12
6.1.12 Programa de habilidades sociais	12
6.1.13 Exención da cualificación da lingua galega.....	12
6.1.14 Programa REFORZA-T.....	13
6.1.15 Reforzo das competencias clave en 3º e 4º ESO. PREMAT.....	13
6.2 Medidas extraordinarias	13
6.2.1 Adaptacións curriculares (ACI)	13
6.2.1 Agrupamentos flexibles.....	13
6.2.2 Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica ...	13
6.2.3 Flexibilización da duración do período de escolarización	14
6.2.4 Programas Mellora da Aprendizaxe e Rendemento (PMAR).....	14
6.2.5 FP Básica.....	15
6.2.6 Flexibilización modular na FP Básica	15
6.2.7 Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades de asistencia continuada ao centro.....	15
6.2.8 Atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.....	15
6.2.9 Grupo de adquisición das linguas	16
6.2.10 Grupo de adaptación da competencia curricular.....	17
6.2.11 Modalidade de escolarización combinada	17
6.2.12 Alumnado de incorporación tardía con desfase curricular	17
6.2.13 Integración de materias en ámbitos de coñecemento.....	17




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



UNIÓN EUROPEA
"O FSE inviste
no teu futuro"



I.E.S. DE

Rúa do Castro s/n
Arzúa 15810 – A Coruña
Correo electrónico: ies.arzua@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/iesarzua/>

Tel.: 881 866 047
Fax: 881 866 055

7. Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e aplicación das medidas propostas	18
8. Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro	19
8.1 Medidas ordinarias	19
8.1.1 Adecuación da estrutura organizativa do centro	19
8.1.2 Desdobramento de grupos.....	19
8.1.3 Aulas de atención educativa e convivencia.....	19
8.1.4 Reforzo educativo	19
8.1.5 Apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria	20
8.1.6 Programas de enriquecemento curricular (Altas capacidades)...	20
8.1.7 Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas	20
8.1.8 Exención da 2ª lingua estranxeira.....	21
8.1.9 Programas seguimento de alumnado con materias pendentes ..	21
8.1.10 Programa de recuperación das materias suspensas	21
8.1.11 Programas específicos personalizados (1º a 4º ESO)	21
8.1.12 Programa de habilidades sociais	22
8.1.13 Exención da cualificación da lingua galega.....	22
8.1.14 Programa REFORZA-T.....	22
8.1.15 Reforzo das competencias clave en 3º e 4º ESO. PREMAT.....	23
8.2 Medidas extraordinarias	23
8.2.1 Adaptacións curriculares (ACI)	23
8.2.2 Agrupamentos flexibles.....	23
8.2.3 Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica ...	24
8.2.4 Flexibilización da duración do período de escolarización	24
8.2.5 Programas Mellora da Aprendizaxe e Rendemento (PMAR).....	24
8.2.6 FP Básica.....	25
8.2.7 Flexibilización modular na FP Básica	25
8.2.8 Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades de asistencia continuada ao centro	25
8.2.9 Atención educativa domiciliaria ou hospitalaria.....	25
8.2.10 Grupo de adquisición das linguas	26
8.2.11 Grupo de adaptación da competencia curricular.....	26
8.2.12 Modalidade de escolarización combinada	27
8.2.13 Alumnado de incorporación tardía con desfase curricular	27
8.2.14 Integración de materias en ámbitos de coñecemento.....	27
9. Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición...	28
9.1 Actuacións de coordinación e colaboración internas	28
9.2 Colaboración e coordinación con outras etapas educativas e os centros adscritos	28




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



UNIÓN EUROPEA
"O FSE inviste
no teu futuro"




I.E.S. DE

Rúa do Castro s/n
Arzúa 15810 – A Coruña
Correo electrónico: ies.arzua@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/iesarzua/>

Tel.: 881 866 047
Fax: 881 866 055

10. Canles de colaboración coas nais, pais ou titores legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro.....	29
11. Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias.....	30
12. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan.....	36
12.1 Temporalización	36
12.2 Instrumentos.....	36
12.3 Criterios de avaliación do plan xeral de atención á diversidade	37



1.Introdución.

Segundo o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia define á diversidade como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar e dar resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que teñan en conta a pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos.


O obxectivo educativo de conseguir que todas as persoas acaden o máximo desenvolvemento persoal e social posible require que se lles facilite unha educación adaptada ás súas singularidades, que se lles garanta unha igualdade efectiva de oportunidades e que se lles ofrezan os recursos necesarios, tanto ao alumnado que o precise como aos centros en que se escolariza. E sendo isto necesario para a totalidade do alumnado, máis nos casos daquel que presenta necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou unhas condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorables.

A atención deste alumnado, considerado con necesidade específica de apoio educativo na Lei orgánica 2/2006, modificada pola Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, deberá axustarse, entre outros, aos principios de normalización de servizos, de flexibilidade na resposta educativa, de prevención e de atención personalizada.

2.Xustificación baseada no contexto.

2.1 Marco legal.

- Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.
- Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibiliza-la duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual.
- Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral, e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización.
- Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con N.E.E.



- Real Decreto 943/2003, do 18 de xullo, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelectualmente.
- Orde do 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro.
- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE).
- Circular 8/2009 pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de ESO.
- Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na comunidade autónoma de Galicia.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora de la calidade educativa (LOMCE).
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

2.2 IES de Arzúa.

O IES de Arzúa atópase no concello de Arzúa, nunha contorna rural, cunha poboación escolar pertencente en boa medida a familias dedicadas ao sector agrario (explotacións gandeiras e agrarias extensivas), á hostalería e ao pequeno comercio. Abastécese co alumnado do propio concello, procedente do CEIP de Arzúa.


No caso das ensinanzas postobrigatorias do Bacharelato, Ciclo Medio de Aproveitamento e Xestión Forestal e o Ciclo de Formación Profesional Básica de Agroxardaría e Composicións Florais, a procedencia vóltase máis heteroxénea procedente doutros concellos desta bisbarra (Boimorto, Touro, Arca...).

A variabilidade da orixe do alumnado é maior no caso do Ciclo Superior de Xestión Forestal e do Medio Natural e no Ciclo Superior de Administración e Finanzas.

En xeral, as familias do alumnado amosan boa disposición a colaborar co centro educativo, cando se lles require. Aínda así, non adoitan participar na vida e actividades do centro.

En canto á diversidade do alumnado, é preciso destacar o seguinte:

- Hai alumnado con **necesidades específicas de apoio educativo** (NEAE): dificultades específicas da aprendizaxe, necesidades educativas especiais (NEE), trastorno déficit de atención e hiperactividade (TDAH), altas capacidades ou condicións persoais ou de historia escolar.



- Tamén se detecta alumnado con dificultades no uso de habilidades sociais e resolución pacífica de conflitos, o que provoca algunhas condutas contrarias á convivencia.


2.3 Protocolos para a Atención Educativa.

- Protocolo para atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais.
- Protocolo de urxencias sanitarias e enfermidade crónica no ámbito educativa addenda de atención ao alumnado con diabetes.
- Protocolo para atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva.
- Protocolo para a atención educativa do alumnado con síndrome de down/ou discapacidade intelectual.
- Protocolo de prevención, detección e atención educativa domiciliaria no ámbito educativo.
- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.
- Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo.
- Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario.
- Protocolo do tratamento educativo do alumnado con trastorno do espectro do autismo (TEA).
- Protocolo de atención en urxencias sanitarias e atención educativa ao alumnado con enfermidade crónica.

3. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES.

A detección de necesidades, pódese definir nos seguintes pasos xenéricos, que se concretarán con posterioridade:

- Detección e avaliación de alumnado con NEAE.
- Intervención desde o mesmo momento no que se detecten dificultades no proceso de aprendizaxe.
- Deseño e proposta de medidas de atención á diversidade adecuadas a cada caso en concreto, dando resposta educativa eficaz a nivel de centro, de aula e individual.
- Establecemento dun sistema de comunicación eficaz entre tódolos membros da comunidade educativa, e de xeito especial entre o profesorado titor, o resto do equipo docente, o departamento de orientación e as familias. Se fose necesario, intervención do EOE (Equipo de Orientación Específico).




- Establecemento de canles de comunicación cos recursos do entorno próximo: desde o CEIP de Arzúa, situado ao lado do instituto, ata a coordinación cos Servizos Sociais, co Centro de Saúde da vila, e coas Unidades Infanto-xuvenís de Saúde Psicolóxica, con bases en Melide e Santiago (CHUS), principalmente, así como con outros profesionais que traballen co alumnado.

4. NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO NO IES ARZÚA.

As **necesidades específicas de apoio educativo** (NEAE) detectadas no centro inclúen:

- ✓ Alumnado con N.E.E (Problemas de conduta e diversidade funcional).
 - Necesidade de aumentar a inclusión no grupo de iguais.
 - Necesidade de adquirir e mellorar as súas habilidades de relación social.
 - Necesidade de aumentar a súa autonomía persoal.
 - Necesidade de promover a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos das ensinanzas que están a cursar.
- ✓ Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe.
 - Necesidade de promover a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos das ensinanzas que están a cursar.
 - Necesidade de aumentar a súa autonomía na adquisición e consolidación de coñecementos e no uso das técnicas e estratexias de estudo e aprendizaxe.
- ✓ Alumnado con TDAH: neste caso levarase a cabo o Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario
- ✓ Alumnado con altas capacidades intelectuais: necesidade de responder adecuadamente ás súas características para potenciar o seu desenvolvemento académico, persoal e social. Levarase a cabo o protocolo para a atención educativa ao alumnado con altas capacidades intelectuais.
- ✓ Alumnado con necesidades por condicións persoais ou de historia escolar.
 - Alumnado repetidor.
 - Alumnado con materias pendentes: necesidade de desenvolver o plan para alumnado con materias pendentes.
 - Alumnado con atraso curricular xeneralizado: necesidade de adquirir o nivel de competencia curricular adecuado.
 - Alumnado con absentismo escolar: levarase a cabo o desenvolvemento do protocolo educativo para a prevención e o control do absentismo escolar en



Galicia.

- Alumnado en situación social desfavorecida: necesidade de coordinarse cos Servizos Sociais do Concello e de favorecer a implicación da familia na función educativa.


✓ Alumnado con outras necesidades.

- Alumnado TEA (incluíndo Asperger): desenvolverase o Protocolo de tratamento educativo do alumnado con trastorno do espectro do autismo (TEA).
- Alumnado inmigrante: levarase a cabo o plan de acollida de familias e alumnado de incorporación tardía.
- Alumnado con atención hospitalaria ou domiciliaria: desenvolverase o protocolo de atención educativa domiciliaria.
- Alumnado con risco suicida: necesidade de desenvolver o protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo.
- Alumnado en réxime de acollemento: necesidade de coordinar a atención educativa cos titores/as legais. Necesidade de coordinación cos Servizos Sociais do Concello, de ser o caso.

5.OBXECTIVOS.

Co obxectivo de dar unha resposta axeitada á diversidade e que esta non supoña un obstáculo para o desenvolvemento persoal e social do noso alumnado, establecemos os seguintes obxectivos específicos:

- Procurar unha detección o máis precoz posible das necesidades educativas do noso alumnado para poder establecer o plan de intervención máis axeitado.
- Recoller con claridade as posibles medidas de atención á diversidade, para facilitar a participación activa de todo o equipo docente no estudio e toma de decisións acerca das solucións máis axeitadas ás necesidades do noso alumnado.
- Estructurar o reparto de tarefas e responsabilidades nun clima de colaboración e traballo en equipo.
- Organizar e coordinar os recursos materiais e humanos dispoñibles para unha maior operatividade.
- Habilitar as condicións necesarias para mellorar o proceso de aprendizaxe de cada alumno e alumna, ofrecendo respostas precisas ás necesidades individuais e evitando o fracaso escolar e os problemas de integración.
- Diseñar propostas educativas diversificadas no que respecta á organización, procedementos, metodoloxía e avaliación, que respondan ás realidades individuais do noso alumnado.
- Promover a colaboración cos centros adscritos para poder prever as necesidades e acadar unha mellor organización.



6. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

6.1 MEDIDAS ORDINARIAS.

6.1.1 Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado. Elaboración dos grupos (D. 229/2011).

Coa formación dos grupos preténdese conseguir o equilibrio de acordo cos seguintes criterios:

- Alumnado con todo aprobado.
- Alumnado repetidor.
- Optativas elixidas.
- Afinidade entre o alumnado.
- Comportamento do alumnado.

6.1.2 Desdobramento de grupos (D. 229/2011).

Supón a diminución da ratio profesorado-alumnado para poder prestar unha mellor atención á diversidade dos grupos.


6.1.3 Aulas de atención educativa e convivencia (Circular 8/2009) e medidas destinadas á mellora da convivencia (D. 8/2015). Recollidas no Plan de Convivencia.

6.1.4 Reforzo educativo (Orde do 6 de outubro de 1995).

Medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescritivos do currículo, é dicir, á secuencia de contidos, ás formas e instrumentos de avaliación, á organización da aula, ós agrupamentos de alumnos e a todo aquilo incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Medidas como:

- Adecuación das programacións ao contorno do alumnado
- Metodoloxías: traballo colaborativas en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras medidas que promovan a inclusión do alumnado no centro educativo.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.

As medidas de reforzo educativo reflectiranse no expediente académico do alumno/a como reforzo educativo. Faranse constar cun comentario no informe correspondente ás familias e non terán constancia no libro de escolaridade.



6.1.5 Apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria (Circular 8/2009).

Para o profesorado que non teña o seu horario lectivo completo, a atención á diversidade será actividade prioritaria sobre calquera outra das establecidas na Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes.

6.1.6 Programas de enriquecemento curricular (Altas capacidades).

Na elaboración das adaptacións curriculares individuais de alumnado con altas capacidades, o máis frecuente é o uso de dous tipos de estratexias:
As adaptacións curriculares de ampliación ou enriquecemento: consisten en aumentar a cantidade de contidos por aprender nunha ou varias áreas.

6.1.7 Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas (Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas) en 1º e 2º ESO (Circular 8/2009).

Alumnado de 1º curso que accedese á ESO por imperativo legal, aquel que repita 1º curso, aquel que promocionase a 2º curso sen superar todas ou algunha das áreas instrumentais ou aquel que repita 2º curso, poderá seguir un programa de reforzo con atribución horaria.

A impartición das Linguas Galega e Castelá corresponderalle, preferentemente, ao profesorado dos Departamentos de Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura, Inglés, Francés, outra lingua estranxeira, Latín e Grego; a impartición da área de Matemáticas corresponderalle, preferentemente, ao profesorado dos Departamentos de Matemáticas, Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía e Tecnoloxía. O alumnado que curse estes programas quedará exento de cursar a materia de 2ª Lingua Estranxeira.

6.1.8 Exención da 2ª lingua estranxeira (Resolución 11 de maio 2018).

Alumnado de 1º e 2º de ESO que presente dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular nas materias lingüísticas. Neste caso recibirá reforzo educativo naqueles aspectos en que se detectasen as dificultades, logo do informe pertinente da persoa titora da etapa ou curso anterior, coa colaboración do departamento de Orientación, no cal se fará explícito o motivo da medida adoptada. Nos seus documentos de avaliación figurará coa mención de exento/a. A competencia da decisión recaerá na dirección do centro docente, oídas as nais, os pais ou os/as titores/as legais do alumnado afectado pola medida.




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



UNIÓN EUROPEA
"O FSE inviste
no teu futuro"



I.E.S. DE

Rúa do Castro s/n Tel.: 881 866 047
Arzúa 15810 – A Coruña Fax: 881 866 055
Correo electrónico: ies.arzua@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/iesarzua/>

6.1.9 Programas de seguimento de alumnado con materias pendentes.

Alumnado que promociona con materias pendentes doutros cursos.

6.1.10 Programas de recuperación de materias suspensas (Alumnado a partir de 2º ESO) (Circular 8/2009).

Alumnado que promocioe de curso na ESO coas áreas instrumentais superadas e con outras materias suspensas, cando o departamento correspondente conte con profesorado que non teña o seu horario lectivo completo. O alumnado que curse os programas de recuperación poderá quedar exento de cursar a materia de 2ª lingua estranxeira.

6.1.11 Programas específicos personalizados (1º a 4º de ESO) (Circular 8/2009).

O alumnado repetidor de 1º e de 2º cursos seguirá un programa específico personalizado, orientado á superación das dificultades comunicadas polo seu profesorado titor do curso anterior no Informe de Avaliación Final. Estes programas específicos personalizados deberán contemplar, ademais, a posible incorporación do alumnado a un programa de reforzo de áreas instrumentais básicas ou de recuperación doutras áreas se estes programas forman parte da oferta do centro para a atención á diversidade. Cando un alumno ou alumna asista a un programa de reforzo nunha área determinada poderá quedar eximido da realización do programa específico personalizado na dita área.

O alumnado repetidor de 3º e de 4º cursos seguirá un programa específico personalizado nas mesmas condicións có alumnado de 1º e 2º cursos, agás a súa incorporación aos programas de reforzo ou de recuperación.


6.1.12 Programa de habilidades sociais (Circular 8/2009 e D.8/2015).

Un programa que contribuirá á adquisición de habilidades e competencias sociais por parte do alumnado como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente.

E outro programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais específico para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.

6.1.13 Exención da cualificación da lingua galega (Orde do 10 de febreiro de 2014).

O alumnado procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro que se incorpore ao sistema educativo de Galicia no 3º ciclo de



educación primaria, en educación secundaria obrigatoria ou en bacharelato poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares consecutivos.

6.1.14 Programa de REFÓRZA-T (ESO e FP Básica) (Resolución do 7 de outubro de 2019).

Alumnado con dificultades de aprendizaxe ou desvantaxe educativa polo contorno sociocultural no que se desenvolve, de 1º a 4º de ESO e FP Básica. Pretende mellorar as perspectivas escolares do alumnado, mediante a adquisición das destrezas básicas que lle faciliten a incorporación plena ao ritmo de traballo ordinario e ás esixencias das diferentes materias.

6.1.15 Reforzo de competencias clave en 3º e 4º de ESO. Modalidade de acompañamento fóra do horario lectivo PREMAT (Reforzo da competencia matemática) (Resolución do 7 de outubro de 2019).

O obxectivo desta medida é mellorar o rendemento académico da competencia matemática no alumnado de 3º e 4º de ESO

6.2 MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.

6.2.1 Adaptacións curriculares (ACI) (Orde 6 de outubro de 1995).

Modificacións dun ou de máis elementos prescritivos do currículo, como son os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación, para atender ás necesidades educativas dun alumno ou alumna motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal como polas súas capacidades excepcionais.


6.2.2 Agrupamentos flexibles (D. 229).

Agrupamentos específicos **transitorios** para apoiar ao alumnado con dificultades xeneralizadas de aprendizaxe naquelas áreas curriculares que, ben por teren carácter instrumental para a aprendizaxe, como é o caso da Lingua e das Matemáticas, ben polo seu peso conceptual, reclaman unha atención máis individualizada cando se valore que dificilmente pode seguir o ritmo de aprendizaxe da aula ordinaria con simples medidas de reforzo educativo.

Estes agrupamentos específicos poderán facerse nunha das áreas de Lingua e Literatura, e en Matemáticas, así como en Ciencias da Natureza e en Ciencias Sociais, Xeografía e Historia.

6.2.3 Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe (O. 27 decembro 2002).

As intervencións específicas que sexan precisas por parte dos profesores especialistas de pedagogía terapéutica ou de audición e linguaxe serán



propostas e deseñadas polo departamento de orientación, do que forman parte, en colaboración co titor do grupo ó que pertence o alumno. Tales actuacións levaranse a cabo normalmente dentro da aula, xunto do resto do alumnado dese grupo, e só poderán levarse fóra dela en casos excepcionais que estean debidamente previstos nas adaptacións curriculares e durante un tempo que non excederá a terceira parte da xornada escolar.

A coordinación desas actuacións, xunto coas do resto do profesorado, corresponde á xefatura de estudos do centro.

6.2.4 Flexibilización da duración do período de escolarización (Orde de 27 de decembro 2002; Altas capacidades: Orde do 28 de outubro 1996).

O alumnado con necesidades educativas especiais ou altas capacidades poderá ser obxecto de medidas de flexibilización da súa escolarización nas diferentes etapas do ensino non universitario.

6.2.5 Programas da Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento, PMAR, en 2º e 3º da ESO (Resolución 11 maio 2018).


Facilitar que o alumnado, mediante unha metodoloxía específica e unha organización de contidos e materias do currículo diferente á establecida con carácter xeral, alcancen as competencias do primeiro ciclo da ESO, poidan cursar o cuarto curso pola vía ordinaria e obteñan o título de graduado en ESO.

Para poder incorporarse a este programa é necesario posuír estas tres condicións simultaneamente:

- Dificultades relevantes de aprendizaxe
- Ser obxecto doutras medidas de atención á diversidade sen que estas resultasen suficientes para a recuperación das dificultades de aprendizaxe detectadas.
- Existir expectativas razoables de que coa incorporación ao programa poderán cursar o cuarto curso pola vía ordinaria.

Requisitos para acceder ao mesmo:

- Ter cursado por primeira vez o primeiro curso da ESO, tendo repetido en Primaria, ou que cursou por segunda vez o primeiro curso da ESO e non estea en condicións de promocionar ao segundo curso da ESO (2º PMAR).
- Ter cursado por primeira vez o segundo curso da ESO e non estea en condicións de promocionar ao terceiro curso da ESO, tendo repetido en Primaria e/ou en primeiro curso da ESO (3º PMAR).
- Ter cursado por segunda vez o segundo curso da ESO e non estea en condicións de promocionar ao terceiro curso da ESO (3º PMAR).
- Con carácter excepcional, ter cursado por primeira vez o terceiro curso da ESO e non estea en condicións de promocionar ao cuarto curso da ESO.



ESO, sen ter repetido ou tendo repetido unha vez na etapa (3º PMAR).

6.2.6 FP Básica (Decreto 107/2014 e Orde 13 de Xullo de 2015).

Alumnado que cumpra de forma simultánea os seguintes requisitos:

- Ter quince anos, ou facelos durante o ano natural en curso, e non superar os dezasete anos no momento do acceso nin durante o ano natural en curso.
- Ter cursado o primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria (3º curso) ou, excepcionalmente, ter cursado o segundo curso de educación secundaria obrigatoria.
- Ser propostos/as polo equipo docente ao pai, á nai ou á persoa que teña a tutoría legal para a incorporación a un ciclo de formación profesional básica; e cuxo grao de adquisición das competencias non sexa o adecuado para obter o título de graduado en educación secundaria obrigatoria e, malia iso, sexa o adecuado para que poida alcanzar o título profesional básico.

6.2.7 Flexibilización modular na FP Básica (Orde 13 de xullo de 2015).

Cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, este alumnado poderá ser autorizado para cursar os módulos do ciclo formativo, mantendo a carga semanal prevista con carácter xeral para cada curso académico:


- Cunha temporalización e distribución por cursos distinta á establecida con carácter xeral.
- Excepcionalmente, de xeito fragmentado por cursos cunha ampliación a dous ou a tres anos.

6.2.8 Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades de asistencia continuada ao centro (Decreto 229/2011).

Pódense incluír distintos casos, e o centro debe propiciar as actuacións ou medidas de apoio necesarias para facer posible a súa continuación de estudos.

6.2.9 Atención educativa domiciliaria ou hospitalaria (Decreto 229/2011 e Protocolo de detección e atención educativa domiciliaria no ámbito educativo).

- Atención domiciliaria: Alumnado que curse ensinanzas de réxime xeral en modalidade presencial en centros sostidos con fondos públicos que deba permanecer convalecente no domicilio, por prescripción médica, por un período de tempo superior a un mes. Igualmente, será obxecto desta atención o alumnado que padeza algunha enfermidade crónica que sexa a causa de faltas de asistencia ao centro de seis ou máis días continuados ao



mes dentro dun período mínimo de seis meses.

A proposta de actividades para aquel alumnado que, por motivos de saúde, non poida asistir ao centro educativo por un período de tempo continuado menor ao requirido para a solicitude de atención educativa domiciliaria, o equipo docente correspondente (coordinado polo profesorado titor) elaborará unha proposta de actividades educativas.

Esa proposta entregáraselle á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais ou gardadoras dese alumnado, para a súa realización pola alumna ou polo alumno e posterior devolución ao mesmo equipo. A medida recollida no apartado anterior aplicárase, igualmente, a aquel alumnado que, por motivos de saúde, só poida asistir ao centro educativo unha parte da xornada escolar e nun tempo continuado superior aos cinco días lectivos.


- Atención hospitalaria: alumnado que deba permanecer ingresado nun centro hospitalario, a tempo completo ou en hospitalización de día, nalguna das seguintes situacións:
 - Longa hospitalización: máis de trinta días.
 - Media hospitalización: entre quince e trinta días.
 - Curta hospitalización: menos de quince días.

Alumnado de longa e media hospitalización será quen reciba atención educativa en coordinación co centro de orixe, mentres que o de curta hospitalización poderá realizar no centro hospitalario actividades educativas de carácter xeral.

6.2.10 Grupo de adquisición das linguas (Alumnado procedente do estranxeiro) (Orde 20 de febreiro de 2004).

Dirixidos ó alumnado que descoñeza completamente ámbalas linguas oficiais de Galicia. O alumnado poderá formar parte dun destes grupos un tempo máximo dun trimestre, se ben a inspección educativa poderá autorizala ampliación excepcional dese período. En todo caso, o alumno incorporárase plenamente ó seu grupo ordinario no momento en que a xunta de avaliación considere superadas as súas necesidades educativas debidas ó descoñecemento das linguas.

O horario semanal máximo de pertenza a un grupo de adquisición das linguas será de 24 períodos lectivos na ESO. Non obstante, este horario deberase ir reducindo progresivamente a medida que o alumno vaia progresando no dominio da lingua vehicular da aprendizaxe. Permanecerá co seu grupo ordinario de referencia nas materias de educación física, música e educación plástica e visual, así como no período de tutoría, na ESO.



6.2.11 Grupo de adaptación da competencia curricular (Alumnado procedente do estranxeiro) (Orde 20 de febreiro de 2004).

Alumnado que presente un desfase curricular de dous ou máis cursos con respecto ó que lle correspondería pola súa idade. A permanencia nestes grupos levarase a cabo nunha fracción da xornada escolar, principalmente coincidindo coas materias de carácter instrumental, podéndose estender ó longo de todo o ano escolar.

Non obstante, o alumnado deberase incorporar plenamente ó seu grupo ordinario no momento no que a xunta de avaliación considere superadas as súas necesidades educativas debidas ó desfase curricular.

O horario semanal máximo de permanencia nestes grupos será de 10 períodos na ESO.

6.2.12 Modalidade de escolarización combinada (Decreto 229/2011 e Orde de 27 de decembro de 2002).

O alumnado con necesidades educativas especiais que estea escolarizado nun centro ordinario e requira de recursos específicos non dispoñibles neste poderá escolarizarse a tempo parcial nunha aula ou centro específico de educación especial. Así mesmo, o alumnado escolarizado nun centro específico de educación especial poderá combina-la súa escolarización nun centro ordinario co obxecto de promover a súa normalización escolar.

6.2.13 Alumnado de incorporación tardía con desfase curricular (D. 86/2015).

Cando presente graves carencias na lingua galega e/ou na lingua castelá recibirá unha atención específica, que será, en todo caso, simultánea á súa escolarización nos grupos ordinarios, cos que compartirá o maior tempo posible do horario semanal.

Os alumnos e as alumnas que presenten un desfase no seu nivel de competencia curricular de máis de dous anos poderán ser escolarizados/as no curso inferior ao que lles correspondería por idade.

6.2.14 Integración de materias en ámbitos de coñecemento en 1º de ESO (Res. 11 maio de 2018).

Finalidade de facilitar o tránsito do alumnado entre a educación primaria e o primeiro curso da educación secundaria obrigatoria.

Este tipo de agrupación deberá respectar os contidos, os estándares de aprendizaxe avaliábeis e os criterios de avaliación de todas as materias que se agrupan, así como o horario asignado ao conxunto delas. Esta agrupación terá efectos na organización das ensinanzas, pero non nas decisións asociadas á




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



UNIÓN EUROPEA
"O FSE inviste
no teu futuro"



I.E.S. DE

Rúa do Castro s/n Tel.: 881 866 047
Arzúa 15810 – A Coruña Fax: 881 866 055
Correo electrónico: ies.arzua@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/iesarzua/>


avaliación e á promoción.

A adopción desta medida non condiciona todos os grupos do nivel, nin tampouco obriga a agrupar todas as materias en ámbitos.

7. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.

Seguindo as indicacións lexislativas referidas á atención á diversidade no ámbito educativo, os criterios que se seguirán no centro para a organización das medidas e recursos propostos son:

- A atención á diversidade contemplará a todo o alumnado do centro, respondendo ás súas necesidades e características persoais.
- Priorizaranse as accións preventivas e de detección temperá.
- A atención á diversidade contará coa implicación e participación de toda a comunidade educativa.
- A intervención educativa basearase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os diferentes profesionais.
- Priorizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizador.
- As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.



8. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.

8.1. MEDIDAS ORDINARIAS.

8.1.1. Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado. Elaboración dos grupos (D. 229/2011).

Responsables	Temporalización	Recursos
- Equipo directivo. - Asesora DO.	Setembro (secundaria).	- Informes xuntas avaliación - Informes centros adscritos.


8.1.2. Desdoblamento de grupos (D. 229/2011).

Responsables	Temporalización	Recursos
- Equipo directivo - Asesora DO	Setembro (secundaria)	- Informes xuntas avaliación - Informes avaliación inicial - Informes centros adscritos

8.1.3. Aulas de atención educativa e convivencia (Circular 8/2009) e medidas destinadas á mellora da convivencia (D. 8/2015). Recollidas no Plan de Convivencia.

8.1.4. Reforzo educativo (Orde do 6 de outubro de 1995).

Responsables	Temporalización	Accións
- Profesor/titor (elabora) - DO (Dpto Orientación) (asesora) - Xunta avaliadora	En calquera momento do curso	- Comunicación aos pais - Rexistro no XADE

**8.1.5. Apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria (Circular 8/2009).**


Responsables	Temporalización	Lugares
• Equipo directivo • DO (asesora) • Profesor tutor/responsable da materia (elabora e avalía) • Profesorado con dispoñibilidade horaria	• En calquera momento do curso	• Dentro da aula • Puntualmente fóra

8.1.6. Programas de enriquecemento curricular (Altas capacidades: Orientacións e respostas educativas. Xunta de Galicia).

Responsables	Temporalización	Accións
• Eq. directivo (supervisa e executa) • Asesora DO • Profesor/Titor (elabora)	• En calquera momento do curso	• Comunicación aos pais • Rexistro no XADE

8.1.7. Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas (Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas) en 1º e 2º ESO (Circular 8/2009).

Responsables	Temporalización	Accións
• Equipo directivo (supervisa) • Asesora DO • Profesor/Titor • Profesor especialista con dispoñibilidade horaria • PT puntualmente	• En calquera momento do curso	• Comunicación aos pais • Rexistro no XADE

**8.1.8. Exención da 2ª lingua estranxeira (Resolución 11 maio 2018).**

Responsables	Temporalización	Recursos
- Equipo directivo - Asesora DO	Setembro (secundaria)	- Informes xuntas avaliación - Informes avaliación inicial - Informes centros adscritos

8.1.9. Programas de seguimento de alumnado con materias pendentes.

Responsables	Temporalización	Accións
- CCP establece mecanismos - Departamentos - Eq. Directivo (supervisa)	- A principio do curso - Seguimento ao longo do mesmo	- Comunicación aos pais - Reflectirase nas programacións (non pode limitarse a unha proba extraordinaria)

8.1.10. Programas de recuperación de materias suspensas (Circular 8/2009).

Responsables	Temporalización	Accións
- CCP establece mecanismos - Departamentos - Profesor da materia	Ao longo do curso	- Comunicación aos pais - Reflectirase nas programacións

8.1.11. Programas específicos personalizados (1º a 4º de ESO) (Circular 8/2009).

Responsables	Temporalización	Accións
- CCP establece mecanismos - Xunta avaliadora	Ao longo do curso	Comunicación aos pais




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



UNIÓN EUROPEA
"O FSE inviste
no teu futuro"



I.E.S. DE

Rúa do Castro s/n
Arzúa 15810 – A Coruña
Tel.: 881 866 047
Fax: 881 866 055
Correo electrónico: ies.arzua@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/iesarzua/>

8.1.12. Programas de habilidades sociais (Circular 8/2009 e D. 8/2015).


Responsables	Temporalización	Accións
• DO (Dpto Orientación) • CCP (aproba)	• A principios do curso	• Programas nos recreos • Incluír no PAT • Programa de intervención específico individualizado

8.1.13. Exención da cualificación da lingua galega (Orde do 10 de febreiro de 2014).

Responsables	Temporalización	Accións
• Dirección	• A principios do curso	• Resolución da solicitude

8.1.14. Programa Reforza- T (ESO e FP Básica) (Resolución do 7 de outubro de 2019).

Responsables	Temporalización	Accións
• Dirección (solicita Programa) • D.X. (Dirección Xeral de Educación) (resolve) • Equipo docente (decide) • Profesorado Reforza-T (desenvolve)	• Antes do 30 novembro (solicitude) • A partir do 2º trimestre (execución)	• Comunicación aos pais

**8.1.15. Reforzo de competencias clave en 3º e 4º de ESO. Modalidade de acompañamento fóra do horario lectivo PREMAT (Reforzo da competencia matemática) (Resolución do 7 de outubro de 2019).**


Responsables	Temporalización	Accións
- Dirección (solicita Programa) - D.X. (Dirección Xeral de Educación) (resolve) - Equipo docente (decide) - Profesorado Primaria (desenvolve)	- Antes do 30 novembro (solicitude) - A partir do 2º trimestre (execución)	Comunicación aos pais

8.2. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.**8.2.1. Adaptacións curriculares (Orde 6 de outubro de 1995).**

<u>Responsables</u>	<u>Temporalización</u>	<u>Accións</u>
- Equipo docente (decide) - DO (asesora) - Profesor materia (elabora)	Ao longo do primeiro trimestre	- Comunicación aos pais - Autorización da inspección - Rexistro no XADE

8.2.2. Agrupamentos flexibles (D.229/2011).

Responsables	Temporalización	Accións
- Equipo directivo - DO (asesora) - Inspección (autoriza)	Antes do inicio do curso	- Comunicación aos pais - Autorización da inspección - Rexistro no XADE

**8.2.3. Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe (O.27 decembro 2002).**

<u>Responsables</u>	<u>Temporalización</u>	<u>Accións</u>
• Equipo docente (decide) • DO (asesora) • Profesor/Titor (seguimento) • PT/AL (implementa)	• En calquera momento do curso	• Comunicación aos pais • Elaboración do plan de traballo • Seguimento pola titoría

8.2.4. Flexibilización da duración do período de escolarización (Orde de 27 decembro 2002; Altas capacidades: Orde do 28 outubro 1996).

<u>Responsables</u>	<u>Temporalización</u>	<u>Accións</u>
• Profesor/Titor (propón) • DO (asesora) • Eq. directivo (tramita) • EOE (asesora) • Inspección (informa) • DX(Dirección xeral de educación) (aproba)	• Ao remate do curso	• Comunicación aos pais • Autorización da Dirección Xeral

8.2.5. Programas de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento, PMAR, en 2º e 3º da ESO (Resolución 11 maio 2018).

<u>Responsables</u>	<u>Temporalización</u>	<u>Accións</u>
• Xunta avaliadora (propón) • Eq. directivo (tramita) • Inspección (aproba)	• Antes do inicio do curso	• Comunicación aos pais • Autorización da inspección




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



UNIÓN EUROPEA
"O FSE inviste
no teu futuro"



I.E.S. DE

Rúa do Castro s/n Tel.: 881 866 047
Arzúa 15810 – A Coruña Fax: 881 866 055
Correo electrónico: ies.arzua@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/iesarzua/>

8.2.6. FP Básica (Decreto 107/2014 e Orde de 13 de xullo de 2015).

Responsables	Temporalización	Accións
• Xunta avaliadora (propón) • Eq. directivo (tramita) • DO (asesora)	• Na avaliación extraordinaria	• Comunicación aos pais • Solicitude no centro que se desexa

8.2.7. Flexibilización modular na FP Básica (Orde de 13 de xullo de 2015).

Responsables	Temporalización	Accións
• Dirección (solicita) • DO e titor/a (emiten informe) • Inspección (informa) • Xefatura Territorial (autoriza)	• Antes do 31 de outubro	• Conformidade expresa familia ou alumno/a (+18). • Proposta da nova distribución.

8.2.8. Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades de asistencia continuada ao centro (Decreto 229/2011)

Responsables	Temporalización	Accións
• Equipo directivo • Asesora DO. • Profesor/Titor	• Ao longo do curso	• Elaboración de plan de coordinación coas familias

8.2.9. Atención educativa domiciliaria ou hospitalaria (Decreto 229/2011 e Protocolo de atención educativa domiciliaria).

Responsables	Temporalización	Accións
• Equipo directivo • DO (asesora)	• Ao longo do curso	• Envío de anexos á Xefatura Territorial




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



UNIÓN EUROPEA
"O FSE inviste
no teu futuro"



I.E.S. DE

Rúa do Castro s/n Tel.: 881 866 047
Arzúa 15810 – A Coruña Fax: 881 866 055
Correo electrónico: ies.arzua@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/iesarzua/>


• XT (autoriza)		• Elaboración de plan de coordinación co profesorado externo • Autorización do XT
---	--	--

8.2.10. Grupo de adquisición das linguas (Alumnado procedente do estranxeiro) (Orde 20 febreiro 2004).

Responsables	Temporalización	Accións
• Equipo directivo • Asesora DO. • Profesor/Titor • Profesorado con dispoñibilidade horaria	• En calquera momento do curso	• Comunicación aos pais • Definición do tempo e carga horaria

8.2.11. Grupo de adaptación da competencia curricular (Alumnado procedente do estranxeiro) (Orde 20 febreiro 2004).

Responsables	Temporalización	Accións
• Equipo directivo • Asesora DO. • Profesor/Titor • Profesorado con dispoñibilidade horaria	• En calquera momento do curso	• Comunicación aos pais • Definición do tempo e carga horaria

**8.2.12. Modalidade de escolarización combinada (Decreto 229/2011 e Orde de 27 de decembro de 2002).**


Responsables	Temporalización	Accións
• Profesor/Titor (propón) • DO (asesora) • Eq. directivo (tramita) • EOE (asesora) • Inspección (informa) • XT (aproba)	• Ao remate do curso	• Comunicación aos pais • Seguimento trimestral • Coordinación co centro de EE (Educación Especial) • Autorización da Xefatura Territorial

8.2.13. Alumnado de incorporación tardía con desfase curricular (D.86/2015).

Responsables	Temporalización	Accións
• Equipo directivo • DO.	• En calquera momento do curso	• Comunicación aos pais • Definición do tempo e carga horaria

8.2.14. Integración das materias en ámbitos de coñecemento en 1º de ESO (Resolución 11 maio de 2018).

Responsables	Temporalización	Accións
• Equipo directivo • Inspección (autoriza)	• Antes do inicio do curso	• Proposta de organización • Autorización da inspección



9. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN.

Os mecanismos de coordinación e colaboración están relacionados coa estrutura organizativa e funcional do centro que garante a resposta ás necesidades do alumnado, e ten en conta as funcións que teñen os distintos servicios e profesionais que interveñen no ámbito da atención á diversidade. Entre os cales podemos citar:

- Alumnado
- Profesorado (Claustro)
- Titores
- Equipo directivo
- Familias (ANPA)
- Inspección
- EOE (Equipo Orientación Específico)
- Servicios sociais
- Servicios sanitarios
- Outras institucións

9.1. ACTUACIÓN DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNAS.


O modelo de coordinación e colaboración interna reflíctese nas seguintes actuacións:

- Reunións dos órganos de goberno.
- Reunións dos órganos colexiados.
- Reunións do Departamento de Orientación.
- Reunións dos Departamentos Didácticos.
- Reunións do equipo docente: avaliación inicial, sesións de avaliación e xuntanzas puntuais en función de necesidades concretas.
- Intercambio de información e a coordinación entre os profesionais que atenden ó alumno con NEAE, dentro e fóra do centro educativo.
- Reunións e contacto fluído dos titores co Departamento de Orientación.
- Intercambio de información coas familias.

9.2. COLABORACIÓN E COORDINACIÓN CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E OS CENTROS ADSCRITOS.

En relación aos centros adscritos levaranse a cabo as seguintes actuacións:

- Contacto continuo da dirección do IES co centro de Primaria adscrito, para



facilitar o fluxo de información sobre: admisión de alumnado, matrícula,...


- Reunións periódicas coa orientadora de Educación Primaria para:
 - Propoñer actuacións conxuntas a realizar (as cales se contemplarán no plan de orientación anual).
 - Avaliar conxuntamente as actuacións realizadas e reflectilas na memoria anual, para que sirvan de punto de partida a novas actuacións.
 - Determinar o procedemento para a exención da 2ª Lingua Estranxeira.
 - Colaborar na elaboración de protocolos que afecten á actuación de ambos Departamentos.
 - Compartir recursos (probos psicopedagóxicos, material bibliográfico, etc.)
 - Facilitar a transición do alumnado do último curso de primaria a 1º de ESO.
 - Organización das Xornadas de Portas Abertas para o alumnado de 6º de primaria, coa finalidade de que coñezan o novo centro e tamén para as súas familias.
 - Charlas e folletos informativos, dirixidas ao alumnado de 6º de primaria, sobre os cambios académicos que supón o comezo da ESO.

10.CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.

Para garantir unha axeitada atención á diversidade necesítanse vías fluídas, tanto internas como externas, de información e comunicación nos distintos ámbitos e niveis. Para dar resposta á diversidade considéranse esenciais todas aquelas actuacións organizativas que repercutan no proceso de ensino e aprendizaxe, neste sentido é importante deseñar os instrumentos e protocolos que faciliten o intercambio de información (parte de comunicación de faltas de asistencia, partes de incidencias, informe escolar, modelo de solicitude de demanda de intervención,...).

Algunhas das iniciativas de comunicación e intercambio de información coas familias concrétanse a través das seguintes actuacións:

- Reunión inicial (outubro) para dar información sobre o comezo do novo curso: presentación do equipo directivo e do profesorado do centro, información sobre a organización e funcionamento do centro.
- Contacto das familias co profesorado: hora de atención a pais e nais.
- Os pais e nais terán información cando teña lugar algunha circunstancia salientable que afecte á educación do seu fillo e trimestralmente a través do boletín de notas.
- En momentos concretos que requiren a súa conformidade: ACI, PMAR...



- Coordinación entre os profesionais que atenden ao alumnado con NEAE


En relación ós servizos externos, resáltanse os seguintes aspectos:

- As reunións axústanse aos horarios e teñen en conta as funcións dos distintos profesionais.
- En relación ós Servizos Sociais da localidade dáse un contacto periódico con eles, tanto para desenvolver distintos obradoiros que nos propoñen sobre diferentes temáticas, como para informar sobre problemáticas individuais do alumnado, controlar a súa asistencia, establecer pautas de intervención conxuntas, etc.
- Colaboración co CIM (Centro Información a Muller) de Arzúa no desenvolvemento das diferentes accións que levan a cabo
- Asesoramento e colaboración con Asociacións que traballan con alumnado con necesidades educativas: ASPERGA, Asociación Hiperactivos, etc.

11.PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.

11.1. Programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento (PMAR).


- Protocolo de actuación.
 1. Realizada a avaliación extraordinaria, o equipo docente fai unha proposta razoada do alumnado que podería incorporarse ao programa para a mellora da aprendizaxe e do rendemento. Esa proposta concretarase nun informe individualizado, elaborado pola persoa titora, no que constará a competencia curricular do alumno/a en cada materia, as dificultades de aprendizaxe presentadas, as medidas de atención á diversidade aplicadas e os motivos polos que o equipo docente considera a conveniencia de que o alumno/a intégrease nun programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento. Ese informe trasladarase á xefatura do Departamento de Orientación.
 2. A persoa que exerza a xefatura do Departamento de Orientación realizará unha avaliación psicopedagóxica a cada un dos alumnos/as propostos/as polo equipo docente para incorporarse ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento. No informe correspondente a esa avaliación deben constar, entre outros aspectos, as conclusións das reunións co profesorado titor e, se se trata de alumnado menor de idade, cos pais, as nais ou titores/as legais de cada alumno/a, para formular a conveniencia da súa incorporación a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento. Deixarase constancia escrita da opinión dos pais, as nais ou titores/as legais respecto da proposta formulada.



3. Posteriormente, unha comisión formada polo/a xefe/a de estudos, que exerce a súa presidencia, a persoa que exerza a xefatura do Departamento de Orientación e o/a titor/a de o alumno ou da alumna valorará os informes emitidos e a opinión, no seu caso, do pai, a nai ou os/as titores/as legais, realizando unha proposta ao/á director/a sobre a incorporación ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento.
 4. O director/a eleva a proposta de autorización sobre a incorporación do alumnado ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento ao servizo provincial de Inspección Educativa. Á solicitude achegaráselle a relación de alumnado proposto e a relación de profesorado que vai impartir cada un dos ámbitos do programa.
 5. O servizo de Inspección Educativa emitirá a autorización expresa para o desenvolvemento dos programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento que cumpran os requisitos establecidos, e que será comunicada aos centros escolares antes do comezo do curso.
- Documentación necesaria.
 - Informe do titor/a
 - Informe do departamento de orientación
 - Documento de conformidade da familia e do alumno/a
 - Acta da Comisión que decide a incorporación do alumnado ó PMAR.

11.2. Agrupamentos flexibles.

- Protocolo de actuación.
 1. Proposta razoada do equipo de profesores do grupo ao que pertence o alumno/a expresada nun informe do titor/a.
 2. Información aos pais e ao alumno por parte do titor/a.
 3. Decisión de incorporación tomada pola comisión formada por xefe de estudos, xefe do Departamento de orientación e titores/as do alumnado proposto.
 4. Elaboración das programacións didácticas adaptadas por parte dos correspondentes departamentos didácticos.
 5. Envío da proposta por parte da Dirección do centro á Inspección Educativa para a súa autorización. Esta proposta incluírá: selección do alumnado indicando os criterios aplicados, horario, profesorado que se vai a encargar da docencia, as áreas nas que se van constituír agrupamentos específicos, así como as correspondentes programacións didácticas adaptadas. Estas programacións partirán dos obxectivos e contidos mínimos establecidos na PXA do centro e, cando sexa preciso, dos obxectivos e contidos de 6º de educación primaria. Deberase primar o carácter práctico e funcional dos contidos.




- Documentación necesaria.
 - Informe do titor ou titora.
 - Documento de información a pais e alumno.
 - Acta da decisión de incorporación.
 - Programacións didácticas adaptadas.

11.3. Grupos de adquisición das linguas.

- Protocolo de actuación.
 1. Avaliación inicial na que se inclúa un informe sobre a competencia lingüística do alumno.
 2. Informe psicopedagógico (se procede).
 3. Proposta de horario de permanencia no grupo (será dun máximo de 24 horas semanais e o alumno deberá permanecer co seu grupo ordinario de referencia nas materias de Educación física, Música, Educación plástica e visual, así como no período de tutoría).
 4. Información á familia.
 5. Solicitud de autorización á Inspección por parte da dirección do centro.
- Documentación necesaria.
 - Informe de avaliación inicial.
 - Informe psicopedagógico (se procede).
 - Documento coa proposta de horario.
 - Documento de información á familia.

11.4. Adaptación curricular individual.

- Protocolo de actuación.
 1. Solicitud da correspondente avaliación psicopedagóxica por parte do DO e elaboración do informe coas conclusións da avaliación psicopedagóxica.
 2. Reunión coordinada polo xefe de estudos á que asistirán o titor, os profesores que imparten as áreas ou materias que se consideran obxecto de adaptación curricular, e os membros do Departamento de orientación. Nesta reunión decidirse a pertinencia da adaptación curricular. Desta reunión levantarase acta.
 3. Información á familia por parte do titor/a.
 4. Elaboración das adaptacións das diferentes áreas por parte do profesor ou profesora que imparte a materia, coa colaboración do departamento didáctico e co asesoramento do Departamento de Orientación. O referente das adaptacións serán os obxectivos xerais de etapa. Os obxectivos poderán pertencer, se é o caso, a outro curso ou etapa distinta da que curse o alumno obxecto de adaptación. As adaptacións revisaranse periodicamente, polo menos unha vez ao remate de cada curso. A avaliación e promoción do alumnado obxecto de adaptación tomará como referencia os obxectivos e os criterios de avaliación fixados nas adaptacións curriculares.
 5. Solicitud de autorización á Inspección por parte da Dirección do centro.




- Documentación necesaria.
 - Informe psicopedagógico
 - Acta da reunión da decisión
 - Documento de información á familia
 - Programación adaptadas das diferentes áreas

11.5. Apoio do profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

- Protocolo de actuación.
 1. Solicitude do apoio por parte do profesorado indicando o motivo a través dun informe.
 2. Información á familia a través do titor/a.
 3. Proposta de apoio do Departamento de Orientación.
 4. Información á Xefatura de Estudos.
 5. Autorización da Dirección.
- Documentación necesaria.
 - Informe de solicitude apoio.
 - Documento de información á familia.
 - Proposta de apoio do Departamento de Orientación.
 - Documento de proposta á Dirección do centro.

11.6. Flexibilización da duración do período de escolarización.

- Protocolo de actuación.
 1. Proposta razoada do equipo de profesores do grupo ao que pertence o alumno/a expresada nun informe do titor/a.
 2. Informe da xefatura do D.O. (conclusións da avaliación psicopedagóxica).
 3. Proposta da nova distribución horaria para cursar as ensinanzas e, de ser o caso, as oportunas medidas de reforzo educativo.
 4. Conformidade do alumno/a, a dos seus pais ou representantes legais.
 5. Fotocopia compulsada das cualificacións, se procede, ou certificación académica.
 6. Proposta de adaptación do currículo segundo o disposto na Orde do 6 de outubro de 1995.
 7. Envío á inspección para que o remita á Dirección Xeral de Educación, á que corresponderá a autorización ou denegación da fragmentación.
- Documentación necesaria.
 - Informe do titor/a.
 - Informe do Departamento de orientación.




- Proposta de distribución horaria.
- Conformidade do alumno/a e dos seus pais.
- Fotocopia compulsada da certificación académica
- Proposta de adaptación do currículo (se procede).
- Documento de envío á Inspección educativa.

11.7. Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.

- Protocolo de actuación.
 1. Solicitud da medida a instancia dos seus pais ou titores legais
 2. Realización do programa individualizado de atención educativa.
 3. Solicitud á Xefatura Territorial a través da Inspección
- Documentación necesaria.
 - Solicitud da medida a instancia dos seus pais ou titores legais.
 - Informe médico que xustifique a medida.
 - Programa individualizado de atención educativa.
 - Solicitud á Xefatura Territorial correspondente a través da Inspección Educativa.

11.8. Grupos de adaptación da competencia curricular.

- Protocolo de actuación.
 1. Avaliación inicial coa emisión dun informe sobre a competencia curricular do alumno.
 2. Informe psicopedagógico (se procede).
 3. Proposta de horario de permanencia no grupo (será dun máximo de 10 horas semanais, principalmente coincidindo coas materias de carácter instrumental; o alumno deberá permanecer co seu grupo ordinario de referencia no resto de materias).
 4. Información á familia.
 5. Solicitud de autorización á Inspección por parte da Dirección do centro.
- Documentación necesaria.
 - Informe de avaliación inicial.
 - Informe psicopedagógico (se procede).
 - Documento coa proposta de horario.
 - Documento de información á familia.




11.9. Exención da segunda lingua estranxeira.

- Protocolo de actuación.
 1. Proposta do equipo de profesores do curso anterior.
 2. Conformidade por escrito do alumno e dos seus pais.
 3. Informe da persoa titora do curso ou etapa anterior que explicitará o motivo da medida.
 4. No caso de alumnado de nova incorporación ao centro: revisión da medida na xunta de avaliación inicial.
 5. Autorización da Dirección do centro.
- Documentación necesaria.
 - Informe do titor do curso anterior.
 - Conformidade escrita do alumno e pais.
 - Informe do titor do curso actual (se procede modificar a proposta).
 - Documento de proposta á Dirección do centro.

11.10. Formación Profesional Básica.

- Protocolo de actuación.
 1. Reunión de todo o equipo docente e o xefe/a do Departamento de Orientación (sesión ordinaria de avaliación de xuño ou sesión extraordinaria de avaliación de setembro) para decidir qué alumnado debe ser proposto. Deben asinar todos a proposta.
 2. Consello Orientador, elaborado polo titor/a coa axuda do/a Xefe/a do departamento de Orientación. Emitirase por duplicado. Será asinado polo titor/a, xefe/a do Departamento de Orientación e a Dirección.
 3. A dirección comunicará á familia ou titores legais a proposta e achegaralles un exemplar do Consello Orientador e o documento de consentimento (Anexo III, Orde 13 de xullo de 2015) que deberá ser asinado por calquera dos titulares da patria potestade ou representantes legais. No caso de separación deberán asinar ambos proxenitores, agás nos supostos de violencia de xénero ou nos que a patria potestade estea atribuída exclusivamente a un deles. Nestes casos será necesario presentar a resolución xudicial para que o centro educativo a cotexe.
 4. Unha vez obtido o consentimento, a dirección entregará ás familias ou titores legais o documento de comunicación de incorporación á FPB (por duplicado, Anexo IV, Orde 13 de xullo de 2015).
 5. Unha copia do Consello orientador e do documento de consentimento incluírase no expediente.
- Documentación necesaria.
 - Acta de avaliación



- Consello Orientador (Anexo II, Orde 13 xullo de 2015)
- Documento de consentimento (Anexo III, Orde 13 de xullo de 2015)
- Documento de comunicación de incorporación (Anexo IV, Orde 13 de xullo de 2015).

12.PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

A avaliación do plan farase en dous niveis:

1. Avaliación dos resultados obtidos polo alumnado que participou nas diferentes actuacións e medidas de atención á diversidade.
2. Avaliación da concreción do plan anual de atención á diversidade.

Esta avaliación desenvolverase nos seguintes pasos:

- Análise e valoracións a través das reunións semanais dos titores/as co orientador.
- Análise e valoración nas reunións dos departamentos didácticos.
- Seguimento a través das reunións do Departamento de Orientación.
- Posta en común na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Elevación de conclusións e posibles modificacións ao Claustro

12.1. Temporalización.

- Avaliación inicial: a revisión do plan realizarase a principios de curso, atendendo ás conclusións recollidas e obtidas na avaliación do curso pasado e ás circunstancias existentes nese momento.
- Avaliación continua: ao longo do curso, o equipo directivo e o Departamento de Orientación irán facendo un seguimento do desenvolvemento do plan para introducir os axustes necesarios.
- Avaliación final: o obxectivo desta avaliación será o de analizar cunha periodicidade anual, preferentemente ao final de cada curso, a adecuación deste á realidade do centro, e sinalar as modificacións pertinentes.

12.2. Instrumentos.

Para a recollida de datos serán útiles: os intercambios orais, as escalas e cuestionarios e as entrevistas. Estes serán aplicados tanto ás persoas implicadas no seu deseño e/ou desenvolvemento (departamentos, titores/as, profesorado) coma aos seus destinatarios (alumnado e pais).




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



UNIÓN EUROPEA
"O FSE inviste
no teu futuro"



I.E.S. DE

Rúa do Castro s/n Tel.: 881 866 047
Arzúa 15810 – A Coruña Fax: 881 866 055
Correo electrónico: ies.arzua@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.es/centros/iesarzua/>

12.3. Criterios de avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade.

Os criterios de avaliación para determinar a calidade do Plan de Atención á Diversidade son:

- Adecuación do plan ás necesidades reais do centro.
- Logros acadados no referente aos obxectivos previstos.
- Adecuación da temporalización.
- Nivel de colaboración e participación dos distintos estamentos da comunidade educativa.
- Nivel de colaboración e participación dos servizos externos ao centro.
- Grao de implicación dos responsables no seu desenvolvemento.

Con estes datos, ao final de cada curso, o Departamento de Orientación elaborará a correspondente memoria establecendo, as pertinentes propostas de mellora. Esta memoria incorporarase á memoria do Departamento de Orientación e, en consecuencia, á Memoria Anual do Centro.